



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 381
8 de novembro de 2018



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

I 39422 (10/MOC-000109)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de estradas. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 37366, publicada no BOPG nº 365, do 03.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 23.10.2018) [129319](#)

I 39423 (10/MOC-000110)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución de obras de infraestruturas rurais. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 38081, publicada no BOPG nº 368, do 10.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 23.10.2018) [129319](#)

I 39426 (10/MOC-000111)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa política do Sergas en materia de contratación de persoal. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 35901, publicada no BOPG nº 354, do 12.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 23.10.2018) [129319](#)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

I 36685 (10/PNP-002729)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia das accións destinadas ao asinamento e aplicación do protocolo entre Aecosan e Intecmar [129320](#)

I 36781 (10/PNP-002743)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e nove deputados/as máis

Sobre a demanda ao Goberno do Estado para a concreción do prazo e da fórmula elixidos para a supresión da peaxe de Redondela [129320](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións**I 38443 (10/PNP-002852)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación do expediente para declarar o parque do Pasatempo, de Betanzos, como ben de interese cultural, así como o financiamento das obras para a súa rehabilitación [129320](#)

I 38578 (10/PNP-002860)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais e salariais existentes no sector da conxelación e refrixeración dos produtos do mar [129321](#)

I 39126 (10/PNP-002913)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e cinco deputados/as máis

Sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para evitar o peche dos centros de produción e asegurar o mantemento dos postos de traballo da empresa Alcoa en Galicia [129321](#)

Rexeitamento da iniciativa**I 27687 (10/PNP-001974)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a dotación pola Xunta de Galicia do Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela dos medios humanos e materiais necesarios demandados polo persoal do centro [129322](#)

I 37548 (10/PNP-002797)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co proceso de negociación que se está a desenvolver para o establecemento dun novo acordo salarial para o persoal da industria auxiliar de Navantia na ría de Ferrol, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto [129322](#)

I 39067 (10/PNP-002902)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e tres deputados/as máis

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego, antes do remate do curso 2018-2019, do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, de xeito que se garanta de forma efectiva a posibilidade de prestar distintas modalidades de xestión do servizo de comedor escolar [129322](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

I 39424 – 39694 (10/PNC-003165)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun informe de fiscalización respecto da situación económica da Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia [129324](#)

O Pleno do Parlamento, na sesión do 6 de novembro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

- 39422 (10/MOC-000109)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de estradas. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 37366, publicada no BOPG nº 365, do 03.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 23.10.2018)

BOPG nº 378, do 31.10.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 39423 (10/MOC-000110)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución de obras de infraestruturas rurais. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 38081, publicada no BOPG nº 368, do 10.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 23.10.2018)

BOPG nº 378, do 31.10.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 39426 (10/MOC-000111)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa política do Sergas en materia de contratación de persoal. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 35901, publicada no BOPG nº 354, do 12.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 23.10.2018)

BOPG nº 378, do 31.10.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

- 36685 (10/PNP-002729)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia das accións destinadas ao asinamento e aplicación do protocolo entre Aecosan e Intecmar

BOPG nº 358, do 19.09.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 40 votos a favor, ningún voto en contra e 34 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social para darlle continuidade á tramitación e adecuar definitivamente, para proceder á súa posterior sinatura e aplicación, o Protocolo entre a AECOSAN e o INTECMAR no que se designaba o INTECMAR como laboratorio nacional de referencia, no ámbito nacional, para biotoxinas mariñas e control e clasificación das zonas de produción».

- 36781 (10/PNP-002743)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e nove deputados/as máis

Sobre a demanda ao Goberno do Estado para a concreción do prazo e da fórmula elixidos para a supresión da peaxe de Redondela

BOPG nº 358, do 19.09.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 54 votos a favor, ningún voto en contra e 20 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a requirirle ao Goberno do Estado a concreción do prazo e a fórmula elixidos para a supresión da peaxe de Redondela».

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 38443 (10/PNP-002852)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación do expediente para declarar o parque do Pasatempo, de Betanzos, como ben de interese cultural, así como o financiamento das obras para a súa rehabilitación
BOPG nº 371, do 16.10.2018

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta:

— A axilizar a a declaración de interese cultural do parque do Pasatempo, reducindo na medida do posible os prazos de tramitación.

— A prestar apoio técnico ao Concello de Betanzos para a elaboración dun proxecto de rehabilitación implicando a outras administracións públicas, obtendo outros posibles apoios financeiros e colaborando economicamente para garantir a consecución do proxecto».

- 38578 (10/PNP-002860)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais e salariais existentes no sector da conxelación e refrixeración dos produtos do mar

BOPG nº 371, do 16.10.2018

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a actuar no conflito laboral do sector de elaborados do mar, a través da consellaría competente, que debe adoptar un papel activo de mediación entre a representación legal dos traballadores e a patronal Conxemar para acadar un acordo no convenio colectivo que mellore os salarios, a calidade do emprego, as condicións de traballo, reduza a temporalidade e reforce a supervisión da subcontratación».

- 39126 (10/PNP-002913)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e cinco deputados/as máis

Sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para evitar o peche dos centros de produción e asegurar o mantemento dos postos de traballo da empresa Alcoa en Galicia

BOPG nº 375, do 24.10.2018

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia apoia a Proposta para a continuidade das plantas de aluminio primario que Alcoa ten en Avilés e A Coruña, presentada polo Comité de Empresa de Alcoa Inespal Coruña S.L. o pasado 30 de outubro de 2018, perante a Delegación do Goberno en Galicia».

Rexeitamento da iniciativa

- 27687 (10/PNP-001974)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a dotación pola Xunta de Galicia do Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela dos medios humanos e materiais necesarios demandados polo persoal do centro

BOPG nº 280, do 21.03.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

- 37548 (10/PNP-002797)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co proceso de negociación que se está a desenvolver para o establecemento dun novo acordo salarial para o persoal da industria auxiliar de Navantia na ría de Ferrol, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto

BOPG nº 365, do 03.10.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

- 39067 (10/PNP-002902)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e tres deputados/as máis

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego, antes do remate do curso 2018-2019, do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, de xeito que se garanta de forma efectiva a posibilidade de prestar distintas modalidades de xestión do servizo de comedor escolar

BOPG nº 375, do 24.10.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 14 votos a favor, 40 votos en contra e 20 abstencións.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 5 de novembro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 39424 – 39694 (10/PNC-003165)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun informe de fiscalización respecto da situación económica da Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia

Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas

A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 39694.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Juan Manuel Díaz Villoslada, e da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas.

A denominada Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (CTG), foi creada a finais de 2013, e está a executar con cartos públicos actividades de promoción de Galicia previstas no actual Plan estratéxico de turismo de Galicia 2017-2020.

O Goberno galego, ademais, permítelle subcontratar totalmente eses traballos, moitos dos cales viñan realizando os propios funcionarios autonómicos ou contratándoos directamente eles desde a Administración, co que agora se engaden ao proceso un ou dous intermediarios innecesarios. Todo isto a través de convenios e subvencións directas que, só tendo en conta a Axencia de Turismo, suman preto de tres millóns de euros en menos de tres anos.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que elabore un informe de fiscalización sobre a situación económica da Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia.

Pazo do Parlamento, 26 de outubro de 2018



Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 26/10/2018 14:11:03

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 26/10/2018 14:11:16

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/10/2018 14:11:25

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/10/2018 14:11:41

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Juan Manuel Díaz Villoslada, e da súa deputada Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz solicita a esa mesa se proceda a realizar unha corrección de erros advertida no documento con número de Rexistro 39424.

Na parte resolutiva da iniciativa onde di: “O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que ...”, debe dicir: “O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a que ...”.

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/11/2018 11:19:31


Juan Manuel Díaz Villoslada na data 06/11/2018 11:19:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2018 11:21
Nº Rexistro: 39694
Data envío: 06/11/2018 11:21:27.657

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/11/2018 11:19:55

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/11/2018 11:20:01



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727